

Fiadeiro



COLEXIO PUBLICO DE BELUSO

NADAL 96



ÍNDICE

EDITORIAL

ZAIRE

O NADAL

DEBUXOS DO NADAL DE 3, 4 E 5 ANOS

O MAGOSTO

INFORMACIÓN DO COLEXIO

CONTO: " XOSÉ DESEXA UN COCHE "

O GATO TRAMPÓN

O CID

RIMAS


O PROCESO DO VIÑO

OS MARISCOS

O DESENGANO


DEPORTES

ENREDOS



EDITORIAL

SAÚDO



Velaquí estamos. Un ano máis, os alumnos de oitavo curso, no Nadal, aproveitamos este primeiro periódico escolar para saudalos.

Esta páxina é coma a primeira fiestra aberta na mañá, e cómpreme a min iniciar esta nova andaina cun agarimoso “Ola”.

Asemade é, e queremos que así sexa, un aturuxo de benvida, unha invitación a participar a pais, mestres, veciños, alumnos e a toda a comunidade que constitúe o noso entorno e da que formamos parte.

Para nós é un reto despreguizar as mentes e vontades dormidas, xa algo cansas de repetir as mesmas actividades cada ano.

Aproveito tamén para dárlle-las gracias a tódolos veciños de Beluso que sen a súa colaboración a excursión de fin de curso non sería posible. ¡Moitas gracias!

A todos: pais, profesores, alumnos, co sincero desexo de que o ano entrante veña cargadiño de **FELICIDADE**, desexámosvos un

¡ BO NADAL E PRÓSPERO 1997 !

Elia Santos Novas 8º C



ZAIRE

ESTADO DE ÁFRICA CENTRAL

Superficie: Máis de dous millóns de kilómetros cadrados (catro veces máis extensa que España).

Linguas: A lingua oficial é o francés. Tamén se falan linguas bantús: kiswahili e sudanés.

Límites: Ó Norte con Sudán e a República Centroafricana; ó Leste con Uganda, Ruanda, Burundi, Tanzania e Zambia; ó Sur con Zambia e Angola e ó Oeste con Angola (Cabinda) e a República do Congo.
O Océano Atlántico baña o Oeste nun tramo moi curto (37 km.) correspondendo á desembocadura do río Congo.

Réxime político: Antes Congo Belga. Hoxe, República independente dende 1960. O Presidente ten tódolos poderes: a presidencia do Consello Lexislativo, do Consello Executivo e do Consello Xudicial.
Ten unha Constitución aprobada en 1978 e con enmendas en 1974.

Capital: Kinshasa.

Poboación: 41.151.000 habitantes (zaireños).

XEOGRAFÍA

Características máis importantes:

A.- Físicos: O territorio corresponde á cunca do río Congo con grandes extensións de selva ecuatorial e de sabana.

Clima: Elevada humidade, intenso calor. Nas zonas periféricas é máis soportable. A abundancia de chuvias forma unha rede de vías fluviais moi densa.

B.- Poboación: Negros bantús, 99%. No Norte encóntranse tamén negros sudaneses e algúns pigmeos. Conta con máis de 500 tribos.

A natalidade é moi elevada, pero a mortalidade, sobre todo infantil, é tamén moi elevada.

Asentamento: En tribos e tamén en centros rurais, anque despois da súa independencia as maiores cidades e os centros mineiros concentran 1/4 da poboación.

Cidades máis importantes: Lubumbashi, capital da rexión de Shaba (ex Katanga) e gran centro mineiro.

Matadi, no estuario do Congo.

Kisangani, importante porto fluvial.



ECONOMÍA

Desarrollouse pola actividade das grandes compañías mineiras máis que pola actividade do Estado Belga, que explotaron os ricos xacementos de cobre, uranio, cobalto, estaño, diamantes, zinc, prata, magnesio, ouro e petróleo. Conserva a estrutura colonial.

A renovación e reconversión da agricultura, sistemas de comunicación, proceso de industrialización, non acadaron o pulo económico que corresponde ós grandes recursos potenciais do país.

A agricultura proporciona algodón, aceite de palma, caucho e café. A mandioca, millo, arroz, sorgo constitúen a base da alimentación dos indíxenas.

Os sectores industriais máis desenvolvidos, concentrados en Kinshasa e en Shaba, son o químico e o metalúrxico, relacionado con actividades extractivas.

Existen, tamén, producións de cervexa, aceite, algodón, tabaco, cemento, calzado e unha planta de refinado de petróleo.

Nas exportacións predominan os minerais e metais; impórtase maquinaria, medios de transporte e tecidos. Os "partners" comerciais máis importantes son Bélxica, Luxemburgo, Italia, Alemania, Francia, Xapón.

O país, estritamente dependente das súas exportacións de materias primas, está moi endeudado.

O paro e o desemprego acadaron proporcións alarmantes nas cidades. Bélxica segue sendo o principal socio comercial.

HISTORIA

Leopoldo II fixo recoñecer na conferencia de Berlín (1884-1885) o Estado Independiente do Congo e cedello a Bélxica en 1908. Impúxoselle ós congoleños unha política paternalista, apoiada pola administración belga, as misións relixiosas e a forza das tropas indíxenas.

As plantacións e as minas tiveron un gran desenvolvemento perante a 2ª guerra mundial.

As primeiras reivindicacións políticas emanaron da organización tribal dos Congos, fundada en 1950 e favorecida pola descolonización do Imperio Francés.

Houbo varios motivos en Leopoldville e logo no conxunto do territorio. A independencia proclamouse en 1960 con Kasanvubu como presidente da República e P. Lumumba como primeiro ministro.

As loitas continuaron ó longo de anos apoiados ben polos Estados Unidos e a Unión Europea, ben pola Unión Soviética.

En 1971 Mobutu lanzou a política de "autenticidad" e decidiu que o país se chamaría ZAIRE.




PROCEDENCIA DO PROBLEMA

¿ Como é posible que un país coas potencialidades mineiras e agrícolas de Zaire estea sumido na miseria e na fame ? . Porque os países colonizadores de África, en general, e do Congo (Zaire), en particular, limitáronse a espoliar as riquezas sen contrapartidas, a cambio de tales como a creación de infraestructuras agrícolas, industriais, económicas, e sen a formación da poboación indíxena, autóctona, na dirección do goberno do país, da educación (alfabetización), da formación de técnicos na agricultura, industria (electricidade, mecánica, etc.), nos servicios, sanidade (médicos, enfermeras, campañas de vacinación, etc.).

Polo contrario, fomentaron as loitas fratricidas, a división e a ruptura dos modos de vida tradicionais, sen posibilidade de integración noutros novos.

Os resultados son a fame, os xenocidios, o éxodo e as pragas en forma de enfermidades epidémicas, milleiros de nenos e de seres humanos que morren cada día.



Elia Santos Novas 8º C.



O NADAL



O Nadal é unha festa onde celebramos o nacemento de Xesús, por iso facemos Beléns.

Neste tempo os rapaces reciben regalos e nas casas adornan pinos e abetos.


Tamén os rapaces escriben cartas a Papá Noel e ós Reis Magos, que son os que lles traen os regalos. Os rapaces, antes de ir durmir, poñen no salón galletas e un vaso con leite, xunto cuns carpíns para que lle deixen alí os regalos.

A noite do 24 ó 25 de decembro é **Noite Boa**. Cómesse turrón, uvas pasas, noces, amendoas..., e o prato principal é bacalao con verdura. Esa noite é cando ven Papá Noel.

O día 31 de decembro é o **Fin de Ano** e ás 12 da noite comemos 12 uvas como celebración do novo ano.

O 6 de xaneiro é o día dos **Reis Magos**, que atravesan o deserto para traer máis regalos. Tamén se come turrón, amendoas, polvoróns, uvas...etc. Esa noite tamén se lle deixa leite e galletas, e auga para os camelos.

Finalmente os rapaces disfrutan cos xoguetes e demáis, pero a diversión remata porque teñen que volver ó colexio e empezar outra nova etapa.




Santiago Otero Pousa 1º B de E.S.O.



DEBUXOS
NENOS 3 ANOS




INES
3 ANOS
"EL REY MAGO"




CINTIA
3 ANOS

"LOS REYES MAGOS"




ÍAGO MARTÍNEZ
3 ANOS
"PAPA NOEL"



SORAYA
3 ANOS
"PAPA NOEL"



NEREA
3 ANOS
"PAPA NOEL"



DEBUXOS
NENOS 4 ANOS

BELEN y ARBOL

ANDREA BACELAR

BELEN

ARBOL DE
NAVIDAD

MÓNICA

ANA TERESA

REGALOS DE NAVIDAD

PAPA NOEL

PAPA NOEL

REBECA FANDIÑO

HIGUEL


4 ANOS - Cedeira

NAYARA



DEBUXOS
NENOS
5 ANOS

DIEGO 5 años



SHEILA
5 años



ROCIO 5 años




MIGUEL
5 años



O MAGOSTO

O venres, día 8 de novembro, foi o día do Magosto. Pola mañá tivemos clase normal e levamos as castañas para o cole. Pola tarde foi cando fixemos o Magosto.

O Magosto é unha tradición moi bonita que se ven facendo en Galicia dende hai moitos anos e que era para celebrar a recolleita do froito. Tamén se aproveita para abrir e saborear os viños novos.



Mentras algúns profesores e o porteiro asaban as castañas, nós participamos, por clases, nunhos xogos que eran moi bonitos e divertidos.

Cando acabamos de xogar tódalas clases, xa estaban as castañas asadas e cada profesor colleu unha caixa con castañas para os seus alumnos. Cada un comeu as que quixo. ¡ Estaban boísimas !.

Algúns rapaces empezaron a tirarse castañas uns a outros ata que o profesor lles chamou a atención. Despois deixaron de tiralas.

Moitos nenos só querían meter as mans dentro da caixa para despois emborrar ós compañeiros e tamén a algúns profesores. Había profesores que tamén nos emborriban a nós. A maioría acabamos coa cara tan negra coma o carbón.

¡ Foi un dos Magostos máis divertidos que pasamos !.



INFORMACIÓN DO COLEXIO

Neste curso 1996-97 foi renovada a **Asociación de Pais de Alumnos** e tamén o **Consello Escolar** do noso Colexio. Quedaron como segue:

ASOCIACIÓN DE PAIS:

Presidenta: M^a. Carmen Outeiral Bon
Vicepresidenta: Crisanta Barros Agulla
Secretaria: Cristina Ferradás González
Tesoureira: Mercedes Entenza Fariña
Vocais: M^a. Elena Piedras Santos
 Josefa Fariña Menduiña
 Delfina Ferreira Fariña
 Rosa M^a. Fernández Pastoriza
 Mercedes Rodríguez Otero
 M^a. del Camen Ríos Lamosa
 Manuela Piñeiro Otero.



CONSELLO ESCOLAR:


Presidente: Rafael Alves Piñeiro
Secretario: Pedro Fernández González
Xefe de Estudos: Luis Pereira Alvarado

Representantes do Profesorado: Manuel A. Alonso López
 Xosé Ramón Álvarez Calleja
 Servilio Buceta Santos
 Jesús A. Bugallo Varela
 Manuela Hermida Santiago

Representantes dos Pais: M^a. Carmen Outeiral Bon
 Margarita Cruz Pousa
 Cristina Ferradás González

Representantes dos alumnos: Nuria Martínez Vidal
 Bruno Otero Romero

Representante do Concello: Pedro Martínez Villanueva.



CONTO:

“XOSÉ DESEXA UN COCHE”

Xosé é un neno de pelo loiro, cos ollos verdes, e mide un metro e medio.

El desexa ter un coche para xogar con el porque a el xa lle aburren os barcos.

A nai dille: “ se che dou os cartos non poderemos comer “.

O pai dille: “ eu fixen moito gasto coa hipoteca da casa “.

Xosé pregúntalle á nai cando é Papá Noel para pedirlle un coche.

A nai contéstalle: “ este ano o Papá Noel ven moi pobre “.

Despois chama ó seu irmán maior e dille: “ gañei cen mil pesetas “.


“ Pois cómprame un coche “, dille Xosé.

O irmán dille: “ para Papá Noel “.

E a nai para celebralo comprou un pastel de noces.

Xosé acordouse que hoxe era Papá Noel e pediulle un coche e, ademais, era teledirixido.

Xosé viviu feliz para sempre. E el di: “ Para Reis, outro “.



Avelino Soto Martínez 6º



O GATO TRAMPÓN



O gato trampón
tirou co terrón
¡ nai, que lambón !


Chinchín, chinchón,
o gato trampón
tirou co tortillón.

O gato, gatiño,
rabuñou ó meniño
no seu berciño.

Chinchín, chinchón,
o gato trampón
xa ten o acordeón.

O gato, gatiño,
con coraxe e valor
¡ encontrou ó seu amor !.

Gaspar Barros 6º.



O CID



He lived nine hundred years ago.

He was a hero.


He came from Burgos.

He was very strong and brave.


His horse's name was "Babieca".

He married Jimena.

He died in 1.099.




5º Curso.



RIMAS

LA BRISA

La niña juega en la playa,
una suave brisa
besa su cara;
sus pies descalzos
sobre la arena blanca.



EL RUISEÑOR

En primavera
canta el ruiseñor.
En primavera
canta como un señor.

LA CIGÜEÑA

Ya llegan las cigüeñas
a nuestros campanarios,
ya los trigales
están dorados.

MARZO Y MAYO

En marzo calienta
el Sol en palacio.
En mayo quiero levantarme
y caigo.

GALICIA Y LA CAMELIA


¡ Que hermosa es Galicia!,
¡ Que hermosos sus ríos !
¡ Que linda es la camelia
En las praderas !.



EL AMANECER Y EL ATARDECER

¡ Que hermoso es el amanecer !
Los pajarillos cantan.
¡ Que hermoso es el atardecer !
Los pajarillos saltan.

Iván Sevilla 6°.





O PROCESO DO VIÑO

O viño é un cultivo moi característico de Galicia.

Para formar unha parra é necesario analizar antes a terra na que se quere plantar a vide e, se esta é adecuada para esa planta, pódese iniciar o cultivo. Este proceso sempre se ten que facer no inverno para que ó chegar a primavera empece a brotar.

Dende a primavera ata o final do verán, cada vinte días hay que sulfatala para previr o mildeu, unha enfermidade orixinada por fungos microscópicos que se desenvollean no interior das follas e tamén nos talos e froitos.

Chegado o mes de setembro, cando o froito xa está maduro, vendímiase, lévase para a casa e vótase nun barril grande. Despois písanse as uvas durante oito días, de doce en doce horas para que fervan e que se faga o viño.

Despois chega o momento de prensalas e de separar o viño dos desperdicios da uva. O viño vótase nun barril e xa se pode beber. Moita xente pon un ramo de loureiro no portal da casa, que significa que alí véndese viño e é unha forma, entre outras moitas, de gañarse a vida.

O bagazo gárdase herméticamente e polo Nadal, cando chega o cañeiro, sácase e faise a caña, que pode ser tostada, branca ou de herbas segundo os ingredientes que se lle poñan.



Paula del Río 8 c



OS MARISCOS

Os mariscos son típicos do Nadal, por iso nesa época custan tan caros. A continuación imos describir un marisco que abonda nas nosas costas: a Centola.



A centola ten o cefalotórax curto e moi ancho. O abdome está moi reducido e repregado debaixo do cefalotórax. A casca mineral é ríxida e non medra á medida que o fai o resto do corpo.

Pouco antes de que ocorra a muda, o animal acumula grandes reservas de alimento e de sales de calcio. A muda pode seguir durante toda a vida do animal sendo moito máis frecuente nas primeiras etapas do seu desenvolvemento.

Á medida que o animal acada a madurez, os períodos de tempo que transcorren entre as diversas mudas aumentan, incluso nalgúñas especies a muda cesa completamente.

¡ FELIZ NADAL !


Mari, Ana, Rosi, Rocío, M^a.Elvira 1º B E.S.O.




O DEBENGANO



ESTE HOME ATOPOU NO SEU CAMIÑO UN CAN E UN BURRO PERO NON QUIXERON AXUDALO, PERO AGORA...






DEPORTES

FUTBITO-NENOS.

LUNS E MARTES	VENRES.	MÉRCORES E XOVES.
E.S.O. e 8^o	5^o e 6^o	3^o e 4^o
8 ^o A - 8 ^o B	5 ^o - 6 ^o A	3 ^o A - 3 ^o B
8 ^o C - E.S.O.A	6 ^o B - 5 ^o	4 ^o A - 4 ^o B
E.S.O.B - 8 ^o A	6 ^o A - 6 ^o B	3 ^o B - 4 ^o A
8 ^o B - 8 ^o C	6 ^o A - 5 ^o	4 ^o B - 3 ^o A
E.S.O.A - E.S.O.B	5 ^o - 6 ^o B	3 ^o B - 4 ^o B
8 ^o A - 8 ^o C	6 ^o B - 6 ^o A	4 ^o A - 3 ^o A
8 ^o B - E.S.O.A		3 ^o B - 3 ^o A
E.S.O.B - 8 ^o C		4 ^o B - 4 ^o A
8 ^o A - E.S.O.A		4 ^o A - 3 ^o B
8 ^o B - E.S.O.B		3 ^o A - 4 ^o B
8 ^o B - 8 ^o A		4 ^o B - 3 ^o B
E.S.O.A - 8 ^o C		3 ^o A - 4 ^o A
8 ^o A - E.S.O.B		
8 ^o C - 8 ^o B		
E.S.O.B - E.S.O.A		
8 ^o C - 8 ^o A		
E.S.O.A - 8 ^o B		
8 ^o C - E.S.O.B		
E.S.O.A - 8 ^o A		
E.S.O.B - 8 ^o B		



BALONMÁN-NENOS.

LUNS E MARTES	VENRES.	MÉRCORES E XOVES.
E.S.O. e 8^o	5^o e 6^o	3^o e 4^o
8 ^o A e 8 ^o B - 8 ^o C	5 ^o - 6 ^o	3 ^o A - 3 ^o B
E.S.O.A - E.S.O.B	6 ^o - 5 ^o	4 ^o A - 4 ^o B
8 ^o C - E.S.O.A	5 ^o - 6 ^o	3 ^o B - 4 ^o A
E.S.O.B - 8 ^o A e 8 ^o B	6 ^o - 5 ^o	4 ^o B - 3 ^o A
8 ^o A e 8 ^o B - E.S.O.A		3 ^o B - 4 ^o B
8 ^o C - E.S.O.B		4 ^o A - 3 ^o A
8 ^o C - 8 ^o A e 8 ^o B		3 ^o B - 3 ^o A
E.S.O.B - E.S.O.A		4 ^o B - 4 ^o A
E.S.O.A - 8 ^o C		4 ^o A - 3 ^o B
8 ^o A e 8 ^o B - E.S.O.B		3 ^o A - 4 ^o B
E.S.O.A - 8 ^o A e 8 ^o B		4 ^o B - 3 ^o B
E.S.O.B - 8 ^o C		3 ^o A - 4 ^o A



BALONMÁN-NENAS.

LUNS E MARTES.	VENRES.	MÉRCORES E XOVES.
E.S.O. e 8^o	5^o e 6^o	3^o e 4^o
8 ^o C e 8 ^o A - 8 ^o B	5 ^o - 6 ^o	3 ^o A - 3 ^o B e 4 ^o
8 ^o B - E.S.O.	6 ^o - 5 ^o	3 ^o B e 4 ^o - 4 ^o
E.S.O. - 8 ^o C e 8 ^o A	5 ^o - 6 ^o	4 ^o - 3 ^o A
8 ^o B - 8 ^o C e 8 ^o A	6 ^o - 5 ^o	3 ^o B e 4 ^o - 3 ^o A
E.S.O. - 8 ^o B		4 ^o - 3 ^o B e 4 ^o
8 ^o C e 8 ^o A - E.S.O.		3 ^o A - 4 ^o




ENREDOS



1. ENCRUCILLADO:

1. Mamífero nocturno e voador.
2. Mamífero que vive na auga.
3. Ave migratoria.
4. A nai dos anos.
5. Vive no pombal.
6. As nais dos becerros.
7. Animais con cornos moi ramificados.




A ¿Quen é?

D
I
V
I
Ñ
A

¿Que é o que se di unha vez nun minuto e dúas nun momento?



¿Que tal se sumamos e restamos un pouco?




Este xogo é moi doado. Tes que colocar os números do un ó nove, sen repetilos, pero de tal xeito que consigas que as operacións se cumpran.

XEROGLÍFICO: ¿Quen se camufla cando está en perigo?





Solución: _____

XEROGLÍFICO: ¿Que lle cortaron a Celia?



Solución: _____



EVOLUCIÓN DO PROFESORADO NO COLEXIO DE BELUSO



¿RECOÑÉCELOS?



